


# *Actuación do ISSGA no sector forestal*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

issga

**Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo**
28 de abril

# *Actuación do ISSGA no sector forestal*



POR QUÉ É NECESARIA

- Elevada sinistralidade laboral

- Características da actividade
(diversidade de tarefas que comprenden os traballos forestais, e condicións nas que se desenvolven)

- Ausencia dunha normativa específica

- Importancia económica e social

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- FORMACIÓN

-PLANS DE ASESORAMENTO, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

-INVESTIGACIÓN DOS ACCIDENTES

-PUBLICACIÓNS

## Programa de Desenvolvemento Rural Sostible 2010 - 2014

Lei 45/2007, do 13 de decembro para o desenvolvemento sostible do medio rural (ESTATAL)

Real decreto 752/2012 de 4 de xuño, apróbase o primeiro PDRS para o período 2010-2014 (ESTATAL)

Aprobación dos Plans de Zona Rurais para Galicia (Consello da Xunta, outubro de 2011)

**Convenio** entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de **Galicia** para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais (asinado o 7 de maio de 2012)

# FORMACIÓN







| | ANO | CURSO | EDICIÓNS | HORAS | NÚM. ALUMNOS |
|---|---|---|---|---|---|
| Forestal | 2012 | Curso de prevención de riscos laborais en actividades de poda e tala. Manexo práctico da motoserra | 4 | 18 | 49 |
| Forestal | 2012 | Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal lixeira | 4 | 12 | 67 |
| Forestal | 2013 | Curso de prevención de riscos laborais no Manexo de Maquinaria Forestal. Manexo práctico de motoserra e rozadoira | 6 | 18 | 85 |
| Forestal | 2014 | Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal. Manexo práctico de motoserra e rozadoira | 15 | 18 | 188 |
| Forestal | 2015 | Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal. Manexo práctico de motoserra e rozadoira | 20 | 22 | 241 |
| Primeiros auxilios | 2014 | Curso básico de primeros auxilios dirixidos a traballadores do sector agrogandeiro e forestal | 21 | 20 | 262 |
| Primeiros auxilios | 2015 | Talleres de formación en primeiros auxilios dirixidos a traballadores/as do sector agrogandeiro e forestal | 9 | 8 | 158 |
| | | | | | 1050 |

**49 Actividades formativas**

**630 alumnos formados**

30 Actividades formativas

420 alumnos formados
(agrícola, gandeiro, forestal)!!

# ❖ *PLANS DE ASESORAMENTO, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN*

28 de abril de 2016

| PR 2 | Programa de loita contra a sinistralidade absoluta ou recorrente | Anual |
|---|---|---|

**Descrición:**

Clasicamente, o Plan de loita e os programas similares desenvolvidos en outras comunidades autónomas teñen en conta o índice de incidencia. Salvo excepcións, nas que se categorizan as empresas de xeito moi complexo, este planteamento penaliza ás empresas de menor tamaño, nas que os recursos para a prevención son máis limitados, e a aquelas cuxa actividade comporta máis riscos. Por lóxica, as empresas con actividades de baixo risco e gran tamaño deberían ter índices de incidencia moi por baixo da media.

Por tanto, este programa reemplaza ao anterior Plan de Loita, e desenvolverase en dúas vertentes, partindo de dous listados de empresas elaborados consonte aos seguintes criterios:

1. Empresas con maior número absoluto de accidentes, tendo só en conta o seu índice de incidencia cando sexa menor ao promedio da súa actividade, caso no que quedarán excluídas deste programa.
2. Empresas incluídas no Plan de … cumprir as condicións polas que … accidentes e superar o índice de i… x1,5.

Estas dúas vertentes definen obxec… basicamente de asesoramento, e na… con anterioridade, realizarase unh… técnicas e materiais de traballo que xe…

**Obxectivos:**

- Reducir a sinistralidade laboral en …

| PR 2 | Programa sectorial de asesoramento para a redución da sinistralidade | Anual |
|---|---|---|

**Descrición:**

A análise da efectividade do Programa de loita no período 2008-11 publicada polo Observatorio amosa que esta actuación, que consiste básicamente no asesoramento sobre a necesidade da revisión da avaliación de riscos como consecuencia da produción de accidentes, rende resultados positivos. Porén, nas empresas nas que se producen accidentes de forma recorrente, este asesoramento semella non ser suficiente.

Por tanto, o programa de loita continuarase … e o ano anterior, no que … anterioridade, realizarase … as e materiais de traballo qu… os, en consoancia coa activ… desenvolverase un labor de … ventiva, prevención dos ac… graves; exclúense os s… gue. Seleccionaranse as e… representatividade en cada… rograma específico neste p…

… ralidade laboral en empres…

| PR 4 | Programa Forestal | Anual |
|---|---|---|

**Descrición:**

A diversidade de tarefas que comprenden os traballos forestais e as condicións nas que se desenvolve esta actividade (dispersión e afastamento das explotacións, subcontratación dos traballos, inestabilidade laboral e escasa experiencia) provocan que este sexa un sector no que se acumulan un elevado número de accidentes de alto índice de gravidade.

Asemade das características dos lugares e organizativas, outras condicións de traballo, como o uso de maquinaria diversa, pesada e ferramentas manuais como a motoserra, que aos riscos de seguridade engaden factores hixiénicos como ruído e vibracións, a utilización de praguicidas e outros agroquímicos, e os riscos ergonómicos propios das tarefas forestais, fan desta actividade unha das que presentan unha maior diversidade de riscos en nivel importante.

**Obxectivos:**

XERAIS:
- Reducir a sinistralidade laboral do sector.
- Determinar a tipoloxía dos accidentes do sector máis frecuentes e as súas causas.
- Asesorar sobre as medidas correctoras axeitadas.

2014:
- Manter o asesoramento as empresas deste sector de maior taxa de sinistralidade.
- Elaborar un estudo da sinistralidade neste sector.
- Continuar a campaña informativa específica en materias relacionadas coa prevención de riscos laborais no sector forestal:
  -- Desenvolvendo cursos específicos en consoancia coa actividade DFS 8.
  -- Elaborando material divulgativo e informativo específico.

| PR 4 | Programa de redución de accidentes no sector forestal | Anual |
|---|---|---|

**Descrición:**

A diversidade de tarefas que comprenden os traballos forestais e as condicións nas que se desenvolve esta actividade (dispersión e afastamento das explotacións, subcontratación dos traballos, inestabilidade laboral e escasa experiencia) provocan que este sexa un sector no que se acumulan un elevado número de accidentes de alto índice de gravidade.

Asemade, das características dos lugares onde se realizan os traballos e as propias organizativas, así como outras condicións de traballo, como o uso de maquinaria diversa, pesada e ferramentas manuais como a motoserra, que aos riscos de seguridade engaden factores hixiénicos como ruído e vibracións, a utilización de praguicidas e outros agroquímicos, e os riscos ergonómicos propios das tarefas forestais, fan desta actividade unha das que presentan unha maior diversidade de riscos nun nivel importante.

**Obxectivos:**

XERAIS:
- Reducir a sinistralidade laboral do sector forestal.
- Determinar a tipoloxía dos accidentes do sector máis frecuentes e as súas causas.
- Asesorar sobre as medidas correctoras axeitadas.

2015:
- Manter o asesoramento as empresas deste sector de maior taxa de sinistralidade.
- Elaborar un estudo da sinistralidade neste sector.
- Continuar a campaña informativa específica en materias relacionadas coa prevención de riscos laborais no sector forestal:
  -- Desenvolvendo cursos específicos en consonancia coa actividade DFS 9.
  -- Elaborando material divulgativo e informativo específico.

*Actuación do ISSGA no sector forestal*

# PLANS DE ASESORAMENTO, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

28 de abril de 2016




**46 empresas visitadas**
**(2012-2015)**

CARACTERÍSTICAS:

-Pequenas empresas (65%, <10 traballadores
41%, <5 traballadores)
-Traballadores extranxeiros (54 % das empresas)
-Modalidade preventiva: Servicio de Prevención Alleo
-Uso de maquinaria forestal pesada

# PLANS DE ASESORAMENTO, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN



<u>REQUERIMIENTOS</u>:

-Evaluacións de risco xenéricas
-Formación
-Equipos de protección individual
-Documentación dos equipos de traballo



# ❖ INVESTIGACIÓN DOS ACCIDENTES

28 de abril de 2016

## Un trabajador sufre lesiones graves en una pierna cuando talaba árboles en Cabana

• *El suceso ocurrió sobre las 11.30 horas en el lugar de Piñeiro, Anos*

TONI LONGUEIRA. Carballo / La Voz, 09 de marzo de 2016. Actualizado a las 16:22 h.




JOSÉ MANUEL CASAL

TEMAS RELACIONADOS

Cabana de Bergantiños | Vimianzo

Publicidad

83 0 0

Un joven resultó herido grave tras sufrir un accidente laboral con la máquina agrícola que manejaba. Sucedió sobre las 11:30 horas de hoy en una finca del lugar de Piñeiro, en la parroquia de Anos, Cabana. Las primeras hipótesis apuntan a que el herido, vecino de Vimianzo, estaba retirando la corteza de los árboles con una máquina especial cuando tuvo el accidente, que le provocó lesiones graves en una pierna.





## Fallece un trabajador en A Fonsagrada al caerle encima el árbol que cortaba

El suceso tuvo lugar sobre las 12.00 horas en la zona de Paradanova

Lunes 18 de Abril de 2016 | EP

Un trabajador de 43 años cuyas iniciales responden a A.V.V. ha fallecido este lunes al caerle encima un árbol que cortaba en la zona de Paradanova, en A Fonsagrada.

Según ha informado el CAE 112 Galicia, el suceso tuvo lugar sobre las 12.00 horas y al lugar se desplazó el helicóptero medicalizado con base en Santiago. Además, ante la sospecha de que el hombre pudiese estar atrapado, el CAE 112 Galicia movilizó a los bomberos de Sarria aunque, finalmente, no fueron necesarios al confirmarse que el hombre estaba muerto. También fueron movilizados la Guardia Civil y los efectivos de Protección Civil de A Fonsagrada.

# *INVESTIGACIÓN DOS ACCIDENTES*



## 34 Accidentes investigados (2015- abril 2016), por tipo de operación












# INVESTIGACIÓN DOS ACCIDENTES

28 de abril de 2016

## 34 Accidentes investigados (2015- abril 2016), Operario accidentado








## CONCLUSIÓNS:

-Importancia dunha adecuada planificación preventiva nos aproveitamentos forestais

-Coordinación entre traballadores

-Formación adecuada e suficiente dos traballadores

Prevención fronte aos riscos no sector agroforestal (9)





Nº 40 - http://issga.xunta.es

issga

folla de prevención

GEMA BÉRTOA VEIGA
Técnica superior de Prevención de Riscos Laborais
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Maq. e impresión: Rella SL D. L. C 644-2013
Edición: maio 2013 ISSN: 2254-9102

A MOTOSERRA

INTRODUCIÓN

Unha parte importante dos accidentes graves e mortais no sector forestal en Galicia teñen como axente causante principal un equipo de traballo, a **motoserra**.

Emprégase principalmente en traballos forestais, aínda que tamén se utiliza noutros traballos como o de xardinería. Úsase, entre outras actividades, para a corta polo pé, a derrama, a tronza e a poda de árbores.

Rural Es

Galicia invirte no Rural
XUNTA DE GALICIA

Folla de prevención nº 40. A motoserra

issga
instituto galego de seguridade e saúde laboral

# PUBLICACIÓNS

Actuación do ISSGA no sector forestal

28 de abril de 2016

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

FICHAS DE INVESTIGACIÓN - ISSGA

Accidentes laborais no sector agrario



## Fichas de investigación Issga. Accidentes laborais no sector agrario

| NÚMERO DE FICHA E ACCIDENTE LABORAL INVESTIGADO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Atrapamento cunha árbore enganchada noutra | 8 | Caída desde a caixa do tractor ao chan | 15 | Caída sobre o pé de grella de ferro do sis limpeza dunha corte |
| 2 | Contacto con coitelas dunha colleitadora de millo | 9 | Caída dunha paca amoreada sobre o traballador | 16 | Contacto co eixe de cardánico |
| 3 | Atrapamento por envorcadura do tractor | 10 | Corte nunha perna cunha motoserra | 17 | Golpe co cabezal du colleitadora forestal |
| 4 | Impacto dunha partícula nun ollo pola proximidade á rozadoira enganchada á minirretroescavadora | 11 | Corte mentres se intenta desatascar un autocargador | 18 | Atrapamento pola caída dunha árbore que se estaba cortando polo pé |
| 5 | Atrapamento ao intentar enganchar un apeiro aos tres puntos traseiros de enganche dun tractor | 12 | Caída dende a cabina do tractor forestal ao envorcar | 19 | Golpe polo couce dunha vaca |
| 6 | Golpe por unha árbore ao caer tras ser cortada polo pé | 13 | Impacto dunha partícula nun ollo mentres se desbrava cunha rozadoira | | |
| 7 | Caída da cisterna sobre o pé do traballador ao desenganchala do tractor | 14 | Sobreesforzo ao intentar mover manualmente un cultivador de 500 kg | | |

Rural Es

GALICIA invisto no RURAL

XUNTA DE GALICIA

# PUBLICACIÓNS






Os ATENDE do Issga_Agro_Prevención de riscos co tractor, a motoserra e rozadoira




Prevención fronte aos riscos no sector agroforestal (encarte xornal)

# ❖ NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016









# ❖ NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016

## IMPLANTA forestal: Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais






Actuación do ISSGA no sector forestal

# ❖ NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016




## IMPLANTA forestal: Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais






# ❖ NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016




## IMPLANTA forestal: Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais






# NOVAS PUBLICACIÓNS

*Actuación do ISSGA no sector forestal*

28 de abril de 2016




## IMPLANTA forestal: Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais



7 TRANSPORTE

ATENDE A...

- OPERACIÓNS DE CARGA, AMARRE E DESCARGA
- DESPRAZAMENTOS POR VÍAS FORESTAIS

COIDADO CON...

Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
Caída de obxectos por derruba ou obxectos desprendidos
Caída de obxectos en manipulación
Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
Atrapamento por ou entre obxectos
Atrapamento por envorco de máquinas ou vehículos
Sobreesforzos
Exposición a temperaturas ambientais extremas
Contactos térmicos (queimaduras)
Contactos eléctricos
Accidentes causados por seres vivos
Incendio
Atropelos ou golpes con vehículos
Ruído e/ou vibracións
Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas

45



7 1|2 TRANSPORTE

OPERACIÓNS DE CARGA, AMARRE E DESCARGA

O ESTACIONAMENTO DO VEHÍCULO

- Busca unha zona chaira, ampla e co firme o suficientemente compactado
- Se o terreo non é totalmente chan, consulta no manual do fabricante os límites de pendente permitidos
- Detén o camión, acciona o freo, apágao e calza as rodas traseiras
- Fixa os estabilizadores laterais e comproba que non haxa noiros, cavorcos ou barrancos a menos de 2 m
- Se o terreo non ofrece garantías é preferible ampliar o reparto de cargas aumentando a superficie de apoio. Para instalar bases estables podes utilizar taboleiros, travesas...

A CARGA

- Sinaliza a zona advertindo dos traballos
- Antes de comezar comproba o estado da plataforma e os puntais
- Escolle un lugar seguro para o posto de mando onde non teñas risco de esmagamento nin de atrapamento polas partes móbiles do guindastre
- No caso dun posto de mando elevado asegúrate que dispón de accesos seguros e que o asento está dotado de medios para impedir o risco de caída
- Verifica que tes visión completa do movemento do guindastre dende o posto de mando
- Se non ves todo o movemento, axúdate dun operario que estea capacitado, coordínate con el e establece un código de sinais inequívoco
- Respecta os límites de velocidade de vento especificados polo fabricante
- Verifica que non haxa ninguén dentro da zona de seguridade
- Evita movementos pendulares da carga suspendida
- Non deixes o posto de traballo con cargas suspendidas
- Distribúe a carga correctamente de xeito lonxitudinal para gañar estabilidade e evita que supere a altura dos puntais

LEMBRA!

- A coordinación de actividades empresariais é obrigatoria cando no mesmo centro de traballo coinciden operarios de empresas diferentes

46

# NOVAS PUBLICACIÓNS



## MANUAL DO ALUMNO: Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais




## CONTIDO

**1. PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO**

1.1. Recoñecemento previo da parcela 8
1.2 Organización do método de traballo 9
Exercicios 10

**2. CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON MOTOSERRA**

2.1. A motoserra: dispositivos de seguridade e mantemento preventivo 12
2.2. Equipo de protección individual e equipos auxiliares 13
2.3. Corta polo pé 15
2.4. Corta de pólas: a derrama 19
2.5. Corta en toradas 20
2.6. Amoreamento das toradas 21
2.7. Técnicas de manipulación manual de cargas 23
Exercicios 24

**3. A MAQUINARIA FORESTAL PESADA**

3.1. Riscos asociados aos traballos con maquinaria forestal pesada 26
3.2. Documentación necesaria. Elementos e dispositivos de seguridade 26
3.3. Equipo de protección individual (EPI) do maquinista 28
3.4. Mantemento preventivo 28
3.5. Recomendacións para o manexo seguro da maquinaria 30
3.6. Traballos preto de liñas eléctricas 32
3.7. Transporte da maquinaria 32
Exercicios 33

**4. CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO MECANIZADO CON PROCESADORA**

4.1. Elementos e dispositivos de seguridade 36
4.2. Planificación do traballo 37
4.3. Medidas preventivas 37
4.4. Operacións de mantemento ou reparación 40
4.5. Interrupción do cabezal procesador 40
Exercicios 41

**5. SACA CON AUTOCARGADOR OU TRACTOR FORESTAL**

5.1. Elementos de seguridade 44
5.2. Planificación do traballo 46
5.3 Medidas preventivas 47
Exercicios 50

**6. TRABALLOS POSTERIORES AO APROVEITAMENTO**

6.1 Empacadora de biomasa 52
6.2 Estelladora. Medidas de prevención 53
6.3 Rozadoira. Medidas de prevención 54
Exercicios 55

**7. TRANSPORTE**

7.1 Operacións de carga, amarre e descarga 58
7.2 Desprazamentos por vías forestais 60
Exercicios 61

**ANEXOS**

ANEXO 1: Primeiros auxilios 64
ANEXO 2: Vixilancia da saúde 66
ANEXO 3: Lexislación vixente 67
ANEXO 4: Máis información na web 68

Actuación do ISSGA no sector forestal

# NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016

## MANUAL DO ALUMNO: Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais






1

PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO

OBXECTIVOS

- Aprender a organizar os traballos do aproveitamento no espazo e no tempo.
- Identificar os elementos do inventario.
- Definir as características de seguridade óptimas das infraestruturas.
- Delimitar as distancias de seguridade mínimas recomendadas.
- Establecer os criterios para unha correcta sinalización preventiva.
- Protexer a seguridade e a saúde do persoal da obra, e do público en xeral.



1 - PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO

1 PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO

1.1. Recoñecemento previo da parcela

1.2 Organización do método de traballo



1 - PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO

EXERCICIOS

1) Responde brevemente á seguinte pregunta: En que consiste a "planificación"?

2) Ordena as accións das seguintes fotografías nunha planificación ordenada de actuacións. Debes poñer no círculo un número, de tal forma que o número 1 será a primeira etapa do traballo, o número 2 a segunda, e así sucesivamente.

3) Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

| CUESTIÓNS | V | F |
|---|---|---|
| 1. En parcelas de traballo pequenas non se precisa a planificación | | |
| 2. A elaboración de planos ou esbozos é moi importante, pois son unha representación gráfica e visual dos principais aspectos do aproveitamento | | |
| 3. Non sempre é necesario designar unha persoa responsable dos traballos, xa que, algunhas veces, é suficiente con dar unhas indicacións aos operarios ao inicio do traballo | | |
| 4. Antes de comezar os traballos debes sinalizar os accesos ao monte, e marcar tamén as zonas de risco e os obstáculos | | |
| 5. É recomendable acompañar a sinalización de liñas eléctricas con medidas para delimitar o acceso á zona, por exemplo, mediante valados provisionais | | |

10 ISSGA | MANUAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN APROVEITAMENTOS FORESTAIS

# NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016

## GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS
## Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais




ÍNDICE

Presentación 07
SITUACIÓN DO SECTOR FORESTAL EN GALICIA 08
CARACTERÍSTICAS 10
TAREFAS 11
12 CONSELLOS ÚTILES 12
BOAS PRÁCTICAS 14
TRABALLOS DE APROVEITAMENTO 15
- PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO 16
RISCOS 16
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN 17
- CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON MOTOSERRA
RISCOS 16
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN 17
- TRABALLO CON MAQUINARIA FORESTAL PESADA
RISCOS 22
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN 23
CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON PROCESADORA FORESTAL 28
SACA CON AUTOCARGADOR OU TRACTOR FORESTAL 32
TRABALLOS POSTERIORES AO APROVEITAMENTO 36
- TRANSPORTE
RISCOS 38
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN 39
MULLER NO SECTOR FORESTAL 42
VIXILANCIA DA SAÚDE 44

# NOVAS PUBLICACIÓNS

## Actuación do ISSGA no sector forestal

28 de abril de 2016

## GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS
## Prevención de riscos laborais en Aproveitamentos forestais






SITUACIÓN DO SECTOR FORESTAL EN GALICIA

Galicia é unha importante potencia forestal a nivel europeo. Conta cunha superficie forestal arborada de 1.405.451 hectáreas, o que supón aproximadamente o 48% de todo o seu territorio.

A actividade de primeira transformación da madeira representa o 3% do PIB galego. A industria galega da madeira factura cada ano preto de 1.330 millóns de euros, proporcionando un número aproximado de 50.000 empregos, 600 empresas industriais e comercializadoras, e 2.400 empresarios autónomos. O 70% destas empresas aséntanse en poboacións de menos de 5.000 habitantes (fonte: Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar).

O sector forestal desempeña, polo tanto, un papel estratéxico en Galicia polo seu peso económico e social, debido á xeración de emprego e renda nas áreas rurais, o cal incide finalmente na fixación de poboación.

8

CARACTERÍSTICAS

- Dispersión xeográfica da actividade en zonas rurais.
- Alta porcentaxe de traballadores por conta propia.
- Traballo ao aire libre que moitas veces expón os traballadores a condicións climáticas extremas (calor, frío...).
- Descoidase a vixilancia da saúde en materia de prevención de riscos laborais.
- Tarefas que requiren o manexo de equipos de traballo complexos con riscos asociados ao seu uso.
- Elevada incidencia de enfermidades debidas á exposición continuada a condicións de traballo adversas: posturas, ruídos, vibracións...



CONSELLOS ÚTILES

01 Planifica as diferentes actividades que se van realizar e, se é o caso, coordinate coas outras empresas que traballen na mesma zona.

02 Respecta os procedementos de traballo específicos establecidos para cada tarefa.

03 Emprega os equipos de protección individual (EPI) axeitados para cada tarefa.

04 Se fose necesaria a manipulación manual de cargas, emprega técnicas de manipulación correctas.

08 Emprega equipos de traballo axeitados ás condicións da tarefa que vaias realizar: tamaño, potencia, capacidade...

09 Lembra que os traballos con motoserra e maquinaria forestal pesada deben realizalos profesionais con formación teórica e práctica específica do seu posto de traballo, e que estean autorizados para o seu manexo.

10 Se estás embarazada informa ao médico das tarefas do teu posto de traballo e segue as súas indicacións.

13



CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON MOTOSERRA

RISCOS

- Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
- Caída de obxectos por derruba ou obxectos desprendidos
- Caída de obxectos en manipulación
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
- Proxección de fragmentos ou partículas
- Atrapamento por ou entre obxectos
- Sobreesforzos
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Contactos térmicos:queimaduras
- Incendio
- Accidentes causados por seres vivos
- Ruído e/ou vibracións
- Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas

18

MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

A CORTA POLO PÉ

- Antes de empezar o traballo coa motoserra comproba o bo funcionamento dos dispositivos de seguridade, e revisa a tensión, afiado, e engraxamento da cadea.
- Selecciona dúas rutas de escape en diagonal e cara atrás da caída prevista.
- Limpa de vexetación e obstáculos as rutas de escape, a zona arredor da árbore e o propio fuste.
- Fai o corte "de entalladura" no lado onde queres dirixir a caída e o corte "de caída" no lado oposto uns 3 cm por riba do corte horizontal da entalladura. Deixa unha bisagra sen cortar entre ambos os cortes.
- Mantén a distancia de seguridade (2,5 veces a altura da árbore), asegurándote antes de abater a árbore que non haxa ninguén na zona de caída.
- Utiliza o EPI axeitado.

ZONA DE PERIGO
ZONA DE PERIGO
CAMIÑO DE RETIRADA
ZONA DE PERIGO
CAMIÑO DE RETIRADA
h
2,5 h

19

BOAS PRÁCTICAS

issga instituto galego de seguridade e saúde laboral

*Actuación do ISSGA no sector forestal*

# NOVAS PUBLICACIÓNS

28 de abril de 2016

## TRÍPTICO






# NOVAS PUBLICACIÓNS

## *Actuación do ISSGA no sector forestal*

28 de abril de 2016

CARTEL




VIDEO








# Actuación do ISSGA no sector forestal

28 de abril de 2016

**2. Actuacións**

Desenvolvemento das seguintes actuacións:

a) Achegar información sobre o manexo seguro de equipos de traballo, en particular no manexo maquinaria forestal, de carácter practico e dirixida ao persoal traballador do sector.

b) Colaboración pericial na campaña da Inspección de Traballo e Seguridade Social en empresas do sector forestal.

c) Dar difusión ás publicacións e material audiovisual elaborados recentemente polo Instituto sobre prevención de riscos laborais neste sector.

d) Fomentar a adquisición dunha conciencia preventiva no sector forestal e na industria madereira.

e) Difundir material divulgativo do Instituto con pautas que se deben seguir en caso de accidentes. Primeiros auxilios.

f) Velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais no sector.

**3. Unidade responsable e área técnica**

Xerencia, Subdirección Xeral Técnica e de Planificación e centros territoriais.

Área técnica: seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo.

**4. Vinculación coa Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020**

Estas actuacións vincúlanse principalmente co obxectivo 5, liña 5.1, medida 5.1 f) da estratexia.

**PLANIFICACIÓN 2016**


Moitas gracias
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
issga
Día Mundial da Seguridade e Saúde no traballo
28 de abril